



Guía Docente				
Datos Identificativos				2014/15
Asignatura (*)	Avances na avaliación da comunicación e a primeira linguaxe	Código	652498017	
Titulación	Mestrado Interuniversitario en Estudos Avanzados sobre a Linguaxe, a Comunicación e as súas Patoloxías (plan 2012)			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	1.5
Idioma	Castelán			
Prerrequisitos				
Departamento	Psicoloxía Evolutiva e da Educación			
Coordinación	Pérez Pereira, Miguel	Correo electrónico	miguel.perez.pereira@usc.es	
Profesorado	Duran Bouza, Montserrat	Correo electrónico	montserrat.duran.bouza@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Con esta materia preténdese lograr que os alumnos coñezan algunhas técnicas novas de análise da linguaxe e familiarizar os estudantes co seu uso.			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación
A1	Os estudantes saberán aplicar os modelos, técnicas e instrumentos de avaliación empregados na avaliación da linguaxe oral..
A2	Os estudantes poderán levar a cabo a avaliación de trastornos específicos da linguaxe oral, tales como as disartrias, alteracións da linguaxe no envellecemento e trastornos dexenerativos, as alteracións da linguaxe en enfermidades mentais, trastornos do espectro autista, etc.
B3	Os estudantes poderán comunicarse de maneira efectiva nun entorno de traballo.
B4	Os estudantes serán capaces de tomar decisións con autonomía e responsabilidade.
C1	Os alumnos/as saberán utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para o aprendizaxe ó longo da súa vida.
C3	Os estudantes valorarán a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)			Competencias da titulación
- Coñecer os fundamentos do proceso de avaliación e diagnóstico.			
- Coñecer e aplicar os modelos técnicas e instrumentos de avaliación empregados nas alteracións específicas da linguaxe e a comunicación.			
- Poder realizar a avaliación das alteracións no desenvolvemento da linguaxe.			
- Saber redactar un informe de avaliación.			
- Coñecer a actuación profesional.			
- Adquirir un coñecemento práctico da avaliación na área da linguaxe e a comunicación			



<p>XERAIS DA MATERIA</p> <p>É capaz de recoñecer e discriminar entre a variedade das alteracións: os trastornos específicos do desenvolvemento da linguaxe, trastorno específico da linguaxe, atrasos da linguaxe, trastornos fonéticos e fonolóxicos; os trastornos da comunicación e a linguaxe asociados a déficit auditivos e visuais, o déficit de atención, os trastornos do espectro autista; os trastornos da fluidez do fala; as disartrias; as disfonías; as alteracións da linguaxe no envellecemento e os trastornos dexenerativos; as alteracións da linguaxe e a comunicación en enfermidades mentais; o mutismo selectivo e as inhibicións da linguaxe.</p> <p>Pode describir cales son os fundamentos do proceso de avaliación e diagnóstico.</p> <p>É capaz de aplicar os modelos, técnicas e instrumentos de avaliación empregados nas alteracións específicas da linguaxe e a comunicación.</p> <p>É capaz de realizar unha avaliación das alteracións da linguaxe nos trastornos específicos do desenvolvemento da linguaxe: trastorno específico da linguaxe, atrasos da linguaxe, trastornos fonéticos e fonolóxicos; os trastornos da comunicación e a linguaxe asociados a déficit auditivos e visuais, o déficit de atención; os trastornos do espectro autista; os trastornos da fluidez do fala; as disartrias; as disfonías; as alteracións da linguaxe no envellecemento e os trastornos dexenerativos; as alteracións da linguaxe e a comunicación en enfermidades mentais; o mutismo selectivo e as inhibicións da linguaxe.</p> <p>É capaz de redactar un informe de avaliación correcto e adaptado ao seu destinatario.</p> <p>É capaz de realizar unha avaliación tras un proceso de intervención.</p> <p>É capaz de seleccionar e aplicar recursos das Tecnoloxías da Información e as Comunicacións relacionados coa avaliación da linguaxe oral.</p> <p>É capaz de deseñar instrumentos de recollida de información en programas de intervención en linguaxe e comunicación.</p>	<p>AP1</p> <p>AP2</p>	<p>BP3</p> <p>BP4</p>	<p>CP1</p> <p>CP3</p>
--	-----------------------	-----------------------	-----------------------

Contidos	
Temas	Subtemas
1.- Emprego da observación para a avaliación da primeira linguaxe. O programa CHILDES.	
2.- O emprego dos inventarios paternos como técnica de screening: As escalas MacArthur-Bates.	
3.- Novos instrumentos estandarizados para a avaliación da linguaxe: aspectos avaliados e características psicométricas.	

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Obradoiro	6	18	24
Portafolios do alumno	0	3.5	3.5
Sesión maxistral	3	6	9
Atención personalizada	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Obradoiro	Modalidade formativa orientada á aplicación de aprendizaxes na que se poden combinar diversas metodoloxías/probas (exposicións, simulacións, debates, solución de problemas, prácticas guiadas, etc) a través da que o alumnado desenvolve tarefas eminentemente prácticas sobre un tema específico, co apoio e supervisión do profesorado.



Portafolios do alumno	En cada sesión de clase o estudante deberá contestar a un cuestionario individual sobre a lectura realizada e un en grupo relacionado cos casos analizados ou as prácticas realizadas. Estes cuestionarios, ademais das presentacións power point correspondentes a cada clase deberá ser incluído no seu portafolios. Nel recollerán igualmente cantos comentarios, reflexións ou actividades realicense durante o curso.
Sesión maxistral	<p>Esquema xeral dunha sesión de tres horas tipo:</p> <p>Sección teórica (hora e media): 1.- Presentación de 30 mins. por parte do profesor/a, 2. - Lectura comentada dun texto seleccionado (30 mins), 3. - Contestación individual a un cuestionario.</p> <p>Sección práctica (hora e media): 1.- Presentación de 30 mins. a cargo do profesor/a, 2. - Cuestionario en grupo sobre a presentación (30 minutos), 3. - Exposición e discusión sobre as respostas de cada grupo.</p> <p>No caso da sesión maxistral o profesorado presentará os contidos do tema apoiándose nunha presentación power point. A sesión maxistral utilizarase tanto para a introdución teórica do tema coma para a presentación dos casos ou as prácticas que estean planificadas. Cada materia desenvólvese en sesións de tres horas, polo que a sesión maxistral pode abranguer ao redor dunha hora por sesión: media hora para a introdución teórica e media hora para a presentación das prácticas. O profesorado poderá variar esta distribución compensándoa sempre co resto das metodoloxías para non aumentar a carga ECTS da materia</p>

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición

Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Obradoiro	<ul style="list-style-type: none"> - Realización dunha transcripción empregando o programa CHILDES. - Análise de aspectos parciais da linguaxe na transcripción. - Aplicación das escalas MacArthur-Bates. 	40
Portafolios do alumno		60

Observacións avaliación

<p>A avaliación será continua e incluírá unha valoración cuantitativa do rendemento de cada estudante en cada actividade realizada (incluídas as probas de exame que se poidan programar). Estas actividades serán recollidas polos estudantes nun portafolios por materia. Nel os estudantes recollerán todos os esquemas, presentacións, traballos realizados, lecturas, prácticas, cuestionarios contestados, etc. Este portafolios estará dispoñible sempre que o profesorado queira supervisalo e, en todo caso, será entregado ao finalizar as clases presenciais da materia para a súa supervisión e cualificación. Cada profesor avaliará as actividades realizadas, segundo as metodoloxías docentes empregadas, en os créditos que teñen asignados. A cualificación na materia será o resultado da media das cualificacións dos profesores que a impartan. A cualificación de cada profesor será ponderada segundo o número de créditos que imparte. No caso de utilizar probas puntuais de exame (proba obxectiva, preguntas tipo tema, etc.) a súa cualificación considerarase como parte do portafolios da materia, sen que o seu peso poida superar o 50% da nota total asignada ao portafolios. O resto da cualificación virá determinada polos criterios seguintes: Asistencia a clase (por enriba do 80%): 10% Realización de lecturas e traballos tutelados: 30% Nivel de rendemento madurez demostrada en actividades prácticas e tutorías:10%</p>

Fontes de información

Bibliografía básica	
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente
Materias que se recomenda cursar simultaneamente



Materias que continúan o temario
Observacións
Os alumnos deben ir provistos á clase cos seus ordenadores para descargar o programa CHILDES e realizar prácticas con el.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías